

Nome da comunicación	O COTO DE TAIBO SC
	<p>Entidade O COTO DE TAIBO SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA</p> <p><i>Proxecto cooperativo coas seguintes características diferenciadoras:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Integración das actividades de natureza, enerxías limpas, desenvolvemento local, eco-construcción.</i> • <i>Proxecto sen ánimo de lucro, relación directa e sen intermediarios.</i> • <i>Posta en valor dos recursos naturais e forestais en desuso.</i> • <i>Posta en marcha de estratexias de intercooperación</i> <p>www.ocotodetaibo.com</p>
Responsable da comunicación	Constantino Gago Conde. Membro cooperativista. Responsable comercial e de administración ocotodetaibocoop@gmail.com

O COTO DE TAIBO. SCG

Constantino Gago Conde
ocotodetaibocoop@gmail.com
 o coto de taibo soc. coop. galega

Como principio base de funcionamento está o de facilitar o acceso de tódalas persoas e entidades as actividades e produtos relacionados coa natureza e as enerxías limpas a prezos asequibles.

¿Dónde estamos?

O noso domicilio fiscal e enderezo social está provisionalmente no concello de Culleredo, pero en breve trasladaremonos á un espazo natural de máis de 10.000 m² na parroquia de Veigue en Sada, próximo a praia de S. Pedro, donde esperamos desenvolver as nosas actividades.

¿Qué actividades desenvolvemos?

Actualmente comercializamos produtos vencellados coas enerxías limpas e renovables, principalmente caldeiras e estufas de biomasa, pero tamén

dispositivos solares térmicos e microxeradores eólicos. Recentemente incorporamos tamén actividades de eco-construcción en madeira. En breve queremos poñer en marcha no devandito espazo natural as seguintes actividades:

- Aula de Natureza e Granxa Escola
- Aula Forestal
- Aula de enerxías limpas
- Actividades de ocio e tempo libre no espazo natural: sendeirismo, horta ecolóxica, observación astronómica, actividades na franxa intermareal, etc.

As nosas actividades ademáis de respetuosas co medio: (prohibición de achegar vehículos a motor as instalacións, emprego de materiais naturais como pedra e madeira, reciclaxe de materiais e residuos, etc) será completamente autosuficiente desde o punto de vista enerxético baseándonos nas enerxías limpas: solar, eólica e biomasa.

¿Quen é o destinatario/a das nosas actividades?

Calquera persoa interesada polo medio natural, pero principalmente a xente nova: infancia e mocidade. Entre o noso público obxectivo podemos citar: familias, escolares, colectivos de discapacitados físicos e psíquicos, visitantes e turistas, etc.

¿Que esperamos do Coto de Taibo?

Que de resposta a unha necesidade sentida na área metropolitana de A Coruña e a súa área de influencia xa que non existen instalacións tan próximas.

Que sexa quen de achegar as enerxías limpas aos consumidores finais a prezos asequibles eliminando intermediarios que encarecen inxustificadamente os produtos.

Que promova o uso de recursos propios e poña en valor a produción forestal dos nosos montes.

Que colabore con outras entidades afíns e complementarias da súa área de influencia como p.ex.: CEM, S.Coop. Galega, Frugal, S.Coop. Galega, A Xoaninha, S.Coop. Galega vencelladas á educación ambiental, transformación artesá de produtos hortícolas e frutícolas, consumo conscente e ecolóxico, etc.

Queremos ser outro xeito de empresa, porque outro mundo é posible

